

TRIBUNAL DE GARANTÍAS
UNIVERSIDADE DE VIGO
(Informe/Memoria, ano 2012)

DISCURSO DO DEFENSOR UNIVERSITARIO
ANTE O CLAUSTRO
(17, xunio, 2013)

Argimiro Rojo Salgado

Sr. Reitor,

Sras. e Sres. membros da Mesa do Claustro,

Sras. e Sres. Claustrais

Estimado público

Os Estatutos da nosa Universidade establecen que o Defensor Universitario dará conta anualmente, e a través dun Informe que presentará ante o Claustro, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías.

Pois ben, en cumprimento desta normativa elaborouse, e no día de hoxe se presenta ante todos vostedes, este Informe. Nel, e por tratarse dun preceptivo exercicio de rendición de contas, recóllense todas aquelas actuacións relevantes levadas a cabo ao longo do ano 2012. O relato de todas estas actuacións vai precedido dunha referencia xeral ao marco normativo, conceptual e metodolóxico-procedemental no que teñen que enmarcarse sempre as actuacións do Tribunal de Garantías.

Conforme a iso, o contido deste Informe queda estruturado nos seguintes apartados:

-No primeiro faise referencia ao conxunto de normas reguladoras do Tribunal de Garantías, e que se concretan na Disposición Adicional Décimo cuarta da LOU, no Capítulo II do Título V (“Garantías Xurídicas”) dos Estatutos da Universidade de Vigo e, finalmente, no Regulamento interno do propio Tribunal.

De acordo con esta normativa reguladora, o Tribunal de Garantías, e como consecuencia de esta imposición preceptiva adoptada por os respectivos lexisladores, constitúe un órgano obrigatorio e necesario, con funcións de garantía, que forma parte do sistema institucional (a estrutura) que fai posible o goberno da universidade. “Goberno” entendido non como sinónimo de poder executivo, sinon como ese conxunto de órganos e institucións que aseguran a gobernabilidade dunha comunidade (uns órganos con funcións de representación e lexislación, outros con funcións directivas, executivas e administrativas, outros con funcións xurisdiccionaes, outros con funcións de supervisión e garantía, outros con funcións consultivas, etc.).

-No segundo apartado, e en concordancia co marco normativo regulador, propónse unha breve reflexión en torno á natureza, prerrogativas e funcións do Tribunal de Garantías: unha institución singular e inconfundible dentro do sistema institucional universitario; unha institución de garantía, dotada das mesmas características, funcións e prerrogativas do ombudsman clásico, e a que se lle encomenda, en base a criterios de cercanía e especialización, a defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. Non é incompatible ni suplanta a outros órganos ou instancias tanto internas como externas a Universidade, senón que complementa e potencia o funcionamento do sistema no seu conxunto a través da súa aportación específica e especializada.

-No terceiro apartado explícanse as diferentes modalidades a través das cales o Tribunal de Garantías leva a cabo as súas actuacións; e que se sustancian basicamente en tarefas de supervisión, investigación, información, mediación, xestión, recomendación e proposta.

-No cuarto apartado, que constitúe a parte central e máis extensa deste Informe, dáse conta do conxunto de expedientes tramitados, e que son consecuencia maioritariamente dunha reclamación ou queixa presentadas perante o Tribunal.

-No quinto apartado recóllense outras actuacións realizadas (consultas, mediacións, entrevistas, recomendacións, elaboración de documentos), e que derivan desas outras funcións de conciliación, avinza, información, estudo, proposta e xestión inherentes ao Tribunal.

-No apartado sexto efectúase unha relación daquelas actividades de relación levadas a cabo, e que deben encadrarse dentro do ámbito das relacións institucionais e actividade exterior do Tribunal.

-No sétimo, e en coherencia coa dobre esixencia de rendición de contas e transparencia que debe impregnar esta Memoria de actividades, ofrécese de forma novidosa información relativa ao orzamento do Tribunal. Desta información se desprende que o Tribunal constituí un órgano altamente eficiente, si comparamos o seu coste coas súas prestacións desempeñadas.

-Finalmente, no último apartado efectúanse algunhas consideracións encamiñadas, por unha parte, a comentar e interpretar os feitos e cifras presentados e, por outra parte, a recomendar e suxerir actuacións futuras.

Este é o contido do Informe-Memoria que hoxe se presenta, e que está a disposición de todos vostedes, xa que o texto completo foi enviado con antelación a Secretaría Xeral e forma parte da documentación correspondente á orde do día deste Claustro. Nel se poden advertir algúns feitos e comportamentos que resultan especialmente relevantes, polo que é preciso facer algún tipo de consideracións sobre os mesmos.

-Unha primeira reflexión lévanos a constatar que, en contraste co comportamento rexistrado nos anos anteriores, apréciase un forte incremento no número de solicitudes de intervención por parte do Tribunal de Garantías. Dito incremento queda claramente reflectido no número de expedientes presentados, pasando dos 25 do ano anterior aos 58 do actual; tamén no número de entrevistas realizadas, sobrepasando a cifra de 80; ou no número de recomendacións e propostas formuladas, así como noutras actuacións efectuadas no ámbito, por exemplo, das relacións institucionais.

É evidente que se está invertendo a tendencia, i é evidente tamén que se está producindo un aumento da conflitividade; algo, por outra parte, totalmente coherente e consustancial cos tempos de crise que padecemos, e a conseguinte perda de dereitos, indefensión, desalento e crispación que a diario se xera.

Pero máis alá da crise, ou quizais como unha das súas consecuencias máis positivas, pódese apreciar tamén un aumento da actitude reivindicativa por parte do colectivo universitario. Da resignación ou indiferenza estase pasando á contestación e á denuncia fronte a calquera situación de inxustiza, arbitrariedade, desconsideración ou chapuza. Aceptémolo como un lexítimo exercicio de virtude cívica; como un signo máis dos novos tempos e desa indeclinable vontade emancipadora do ser humano.

Debe sinalarse, ademais, que este espectacular incremento no número de solicitudes de intervención, é unha mostra tamén de que o Tribunal de Garantías non só continúa sendo unha instancia prestixiosa e fiable, senón que tamén está acadando unha maior visibilidade, accesibilidade e protagonismo dentro do noso sistema universitario. A esta maior presenza do Tribunal teñen contribuído, certamente, outras actuacións levados a cabo durante o ano 2012, como a mellora da páxina Web, ou a elaboración e distribución de trípticos e carteis polos distintos centros e dependencias da nosa universidade (máis de 30 escenarios na

actualidade), e nos que se fai referencia á natureza, funcionamento e funcións do Tribunal.

Pero queremos seguir mellorando esa visibilidade, e por iso reiteramos a petición de que se proceda a una sinalización adecuada do Tribunal dentro do Campus. Levamos máis dun ano solicitando a colocación dun rótulo, letreiro, ou algo semellante, onde se informe á comunidade universitaria do emprazamento da nosa sede (aproveitamos a ocasión pra informar que poden encontrarnos na planta superior do Edificio CACTI).

-Dos datos recollidos no Informe, e polo que atinxe á distribución por sectores, advírtese que a maior porcentaxe de expedientes e asuntos tratados procede do alumnado (72%), seguido a bastante distancia polo profesorado (26%), e aínda moito máis polo persoal de administración e servizos (só un 2%). Este comportamento, bastante similar ao do ano anterior, mostra como dato máis sobresaínte esa baixísima (case testemuñal) porcentaxe de asuntos presentados polo sector PAS. Entre outras interpretacións, cabe sinalar que este sector acostuma a canalizar moitas das súas reclamacións a través dos representantes sindicais, dispoñendo a tales efectos dunha maior información e interlocución. En calquera caso, compre recordar que o Tribunal de Garantías sigue mantendo a súa total dispoñibilidade pra atender calquera solicitude que este colectivo decida facernos chegar.

-É de subliñar tamén o feito de que os principais motivos que levaron á apertura de expedientes no sector do alumnado, están relacionados coa revisión de exames (7), proceso de matriculación incluíndo o programa Xescampus, non admisión de matrícula fóra de prazo (5), bolsas MEC (4) e recargo do 20% por pagamento da matrícula fóra de prazo (4). Completan esta lista de asuntos máis tratados outro tipo de queixas, como a solicitude de avaliación curricular, retraso na expedición de títulos (incluíndo a do SET/Suplemento Europeo ao Título), así como as deficiencias do profesorado relacionadas co concepto de calidade docente (incapacidade para transmitir coñecementos, contidos erráticos, incoherentes ou desestruturados, incumprimento do programa da materia, desidia e desinterese polas clases, deficiencias no material docente e de apoio, etc.).

Respecto ao profesorado apréciase que as súas principais preocupacións están relacionadas cos procesos de resolución de prazas (5), enquisas de

avaliación, POD (desgravación e distribución da carga docente), calendario académico, quinquenios e, por último, as dificultades no proceso de introdución de datos para avaliar a produción científica (auténtica carreira de obstáculos que ás veces desincentiva ao PDI).

-Outro dos feitos salientables do presente Informe é o que fai referencia ao elevado número de entrevistas mantidas, e nas que participaron, ademais do Defensor, outros membros do Tribunal. Só o Defensor mantivo máis de oitenta encontros, na maioría dos casos con alumnos, pero tamén con profesores, PAS, persoal directivo, membros do goberno universitario, directores de centro, representantes sindicais, representante do grupo da oposición, reitor, presidente do Consello Social, valedores universitarios e outros actores integrantes tanto da comunidade universitaria como fora dela. Este feito, ademais de confirmar esa tendencia, xa apuntada, dun forte incremento da demanda de intervención por parte do Tribunal, pon de manifesto a utilidade deste mecanismo e ferramenta á hora de xestionar o conflito; un mecanismo áxil, rápido, directo e carente de todo formalismo, que facilita a comunicación, o intercambio de información, a empatía e a consecución do acordo. Desde a miña perspectiva de Defensor, cada día teño máis claro que non hai alternativa a comunicación e ao diálogo.

-Tamén constitúe un aspecto relevante deste Informe ese amplo e variado elenco de recomendacións e propostas formuladas; todas elas son consecuencia das actuacións de investigación, estudo e información levadas a cabo polo Tribunal, derivando unhas das reclamacións ou queixas presentadas e outras das iniciativas promovidas polo propio Tribunal. Nelas sinálanse os problemas e puntos débiles detectados, propóñense solucións e pautas a seguir, e tamén se suxiren actitudes e valores a poñer en práctica.

No apartado de recomendacións e propostas formuladas, cabe destacar as seguintes:

-Varios escritos dirixidos á Secretaría Xeral, recomendando:

a) Que se adopten medidas para que as persoas que vaian concorrer ás convocatorias de prazas, e forman parte dos Consellos de Departamento onde se toman as decisións concernentes as devanditas convocatorias, se absteñan (e atendendo a criterios éticos e de boas prácticas) de asistir a ditos Consellos, pra non tomar parte así nas decisións a adoptar.

b) Que se proceda a unha regularización adecuada relacionada co procedemento de realización dos exames orais, que permita deixar constancia dos mesmos e poder así, no seu caso, acollerse ao artigo 18 do Regulamento de estudantes. Dita medida, á súa vez, daría garantías tanto ao profesor como aos estudantes. Relacionado coa realización e avaliación dos exames en xeral, tamén se recomenda insistir na necesidade de axustarse estrita e rigorosamente aos contidos das Guías Docentes.

c) Que se mellore a normativa referente á figura de Profesor Emérito, elaborando a tal fin un procedemento onde se establezan, de xeito obxectivo e preciso, os requisitos necesarios para poder optar á devandita condición, tal e como se ven facendo noutras universidades do noso entorno.

-Escrito á Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade recomendando que se revisen e actualicen os modelos de enquisas de avaliación docente con carácter xeral. Dita recomendación fundaméntase na información que obra en poder do Tribunal, e na que se pode apreciar a existencia de reiteradas incidencias relativas á realización de ditas enquisas ao longo destes anos.

-Escrito dirixido ao Reitor denunciando as deficiencias detectadas no proceso de matriculación correspondente ao curso 2012/2013, e recomendando se subsanen e corrixa ditas actuacións (datos e procedemento de matrícula, procedemento de pagamento e aplicación do recargo do 20% sobre as taxas de matrícula, deficiente atención recibida por algúns alumnos en determinados servizos e secretarías de centro, erros e deficiencias no sistema e programa informático).

-Escrito ao Xerente instando á mellora do sistema de automatrícula xestionado polo programa Xescampus, especialmente nas convocatorias extraordinarias de Decembro e Fin de Carreira. Dita recomendación faise extensiva ao Servizo de Alumnado.

Como resultado destas recomendacións, no transcurso do presente ano xa foron adoptados varios acordos e xa se aprobaron algunhas normativas (nomeamento de profesorado emérito, revisión e actualización dos modelos de enquisas de avaliación docente, mellora do programa Xescampus, contamos tamén con que se corrixa á baixa a aplicación do recargo do 20% sobre as taxas de matrícula pagadas fora de prazo, etc.).

Temos que mostrar a nosa satisfacción por estes logros, e mostrar tamén o noso recoñecemento aos distintos operadores que integran os órganos decisorios, de xestión e administración por facer posible estes avances. Pero temos tamén que

lamentar que nalgúns casos, moi puntuais, se rexistraron ou ben unhas demoras e silencios inxustificados á hora de contestar ou resolver, ou ben unhas reaccións destempladas e ásperas en relación coas recomendacións, recordatorios, advertencias ou suxestións do Tribunal.

Instamos a corrixir estes comportamentos, insistindo na obriga que temos todos de axustar as nosas actuacións á legalidade, e tamén ás boas prácticas. Recordamos, a este respecto, a obriga de colaborar co Tribunal, non podéndolle negar o acceso a ningún expediente ou documentación relacionados co obxecto das súas investigacións; así como contestar, en tempo e forma, as súas recomendacións, entendidas estas como unha pretensión que se quere ver satisfeita. Por favor, non nos interpreten mal, non se formen unha idea equivocada de nós. O Tribunal de Garantías, lonxe de ser unha instancia inquisitorial, persecutoria e incordiante, ten como único obxectivo solucionar problemas, xestionar conflitos, mediar, aportar dosis de racionalidade e humanismo a dinámica universitaria, garantir o respecto ás regras de xogo, combater abusos e arbitrariedades, propoñer melloras e, desta maneira, contribuír ao bo funcionamento da universidade.

Un obxectivo que tratamos de acadar practicando o respecto, a transparencia, a imparcialidade, a obxectividade, a confidencialidade, a fiabilidade, o rigor e a xenerosidade; evitando, por una parte, “cebarse coa vítima” ou “quentar máis o ambiente” e, por outra, ir máis alá do noso estrito cometido, pois sempre se pode facer algo máis a favor das persoas que nos piden axuda; pero, iso si, sen renunciar en ningún caso á firmeza e determinación, tendo sempre presente que ante todo somos Defensores: defensores da legalidade e dos dereitos e intereses lexítimos das persoas.

-Tal como se desprende do apartado sexto do informe, pódese apreciar tamén como ao longo do pasado ano potenciáronse de xeito moi destacado todas aquelas actividades que deben encadrarse dentro do ámbito das relacións institucionais e actividade exterior do Tribunal; dando cumprimento así a un dos puntos programáticos expostos ante este Claustro na primeira comparecencia.

No marco destas relacións institucionais e acción exterior, o Tribunal de Garantías foi incorporándose nos últimos anos a distintas organizacións tanto de ámbito nacional como internacional, mantendo no marco de todas elas unha

presenza e un protagonismo crecente a través do Defensor Universitario. Entre estas entidades cabe destacar:

a) A Conferencia Estatal de Defensores Universitarios de España (CEDU), creada o 26 de outubro de 2007, e da que forman parte na actualidade máis de 60 Defensores Universitarios. A CEDU organiza con carácter anual un Congreso, no que se abordan cuestións substantivas que afectan á natureza e funcións das Defensorías Universitarias; no pasado mes de setembro tivo lugar en Almería o Congreso anual, onde o Presidente do Tribunal de Garantías participou en calidade de ponente (o texto da súa ponencia pode consultarse na páxina web do Tribunal). A CEDU tamén dispón dunha sede virtual e outros recursos que permiten manter unha comunicación permanente e de gran utilidade entre os seus membros, intercambiar información, documentos e experiencias, todas elas relacionadas cos temas máis recurrentes da axenda das Defensorías.

b) O Tribunal de Garantías, e representado polo seu Presidente, tamén forma parte da Comisión Executiva (CE) da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios, intervindo así no goberno e dinámica da organización dos Defensores Universitarios de España. Ao longo do ano a CE soe celebrar en torno a tres sesións de traballo nas que se abordan as cuestións relativas ao goberno e administración da CEDU. Entre outras actuacións relevantes levadas a cabo durante este exercicio cabe destacar a elaboración dun proxecto de reforma dos Estatutos da CEDU, así como a elaboración e envío ao MEC (e tamén a opinión pública) de varios escritos relacionados cas reformas emprendidas no eido universitario. Nun deses escritos se mostraba a preocupación polo contido do Real Decreto-Lei 14/2012 de 20 de abril; dito escrito, que pode consultarse no texto do Informe, foi elaborado polo Defensor da Universidade de Vigo, e por encargo dos restantes membros da CE.

c) O Tribunal de Garantías pertence ademáis á *European Network of Ombudsmen in Higher Education (ENOHE)*, organización creada en 2003 a iniciativa de Kristl Holtrop, *ombudsman* da Universidade de Ámsterdam. En cuanto rede informal, a *ENOHE* está aberta a todos os Defensores Universitarios de Europa, e tamén doutras partes do mundo, sendo o seu obxectivo principal compartir coñecementos e experiencias e fortalecer a institución a fin de contribuír a unha mellor gobernanza do sistema universitario. Desde fai unha década ven celebrando un encontro anual onde se debaten temas relacionados coa axenda das Defensorías Universitarias, sendo un dos máis recurrentes o

relativo ao Espazo Europeo de Educación Superior. O Tribunal de Garantías, a través do seu Presidente, ven participando regularmente nestes encontros; o último celebrouse o pasado mes de abril na cidade inglesa de Oxford, onde o Defensor presentou unha ponencia na que defendía a necesidade e as vantaxes de constituir unha Rede Mundial de Defensores Universitarios (o texto, en inglés, pode verse na páxina web do Tribunal).

d) Así mesmo, e dende o 4 de xuño de 2007, o Tribunal de Garantías forma parte como Membro Asociado Honorario da REDDU (Rede de Defensores Universitarios Mexicanos), creada no ano 2005 e integrada inicialmente por as universidades mexicanas, todas elas en calidade de asociados regulares. A estrutura da REDDU contempla, ademais, as figuras de asociado honorario, o que permite formar parte da mesma a un número elevado de Defensores Universitarios doutros países como España, Bélxica, Austria, Canadá, Australia, USA, así como outros moitos de Latinoamérica. Trátase da organización máis activa no contexto de toda a área latinoamericana, circunstancia esta que nos facilita o enlace e a comunicación cos Defensores de toda a rexión.

No pasado mes de outubro o Presidente do Tribunal de Garantías participou na cidade de Cuernavaca (México) nun Encontro Internacional de Defensores Universitarios en representación da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios de España (CEDU). O Defensor, en calidade de poñente invitado, reflexionou sobre a natureza das Defensorías Universitarias, facendo unha especial referencia ao caso español (o texto da súa intervención pode consultarse na páxina web do Tribunal). É de destacar tamén que no transcurso de dito encontro acordouse, e tras debater unha proposta presentada polo Defensor da UVIGO, iniciar un proceso encamiñado á creación dunha Asociación ou Rede Internacional de Defensores Universitarios. Ao Defensor da UVIGO, por outra parte, se me encomendou a tarefa de coordinar e dinamizar dito proceso.

e) Como resultado de todas estas iniciativas e xestións, podemos informarlles que nestos momentos está en marcha, tamén, o proceso de creación dunha Asociación ou Rede Internacional de Defensores Universitarios; a tales efectos acábbase de constituir una Comisión internacional da que formo parte.

f) O Tribunal de Garantías, por último, tamén está levando a cabo un conxunto de actuacións encamiñadas a potenciar as súas relacións con outros

órganos da nosa Comunidade Autónoma, cos que comparte a tarefa da defensa e promoción dos dereitos da comunidade universitaria. Neste senso, e a iniciativa do Tribunal de Garantías, mantivéronse ao longo do ano 2012 varios encontros cos Valedores Universitarios das outras universidades galegas, o que permitiu non só mellorar a comunicación e o intercambio de información, sinón tamén –e isto é o máis sustantivo- acordar a creación dunha Rede de Defensores Universitarios de Galicia (REDUGA) que nos permita institucionalizar as nosas relacións e, así, poder incidir de maneira máis eficaz sobre o Sistema Universitario de Galicia.

Compre subliñar tamén neste apartado os contactos mantidos co Valedor do Pobo a fin de mellorar as relacións co mesmo; podemos informar, a estes efectos, que nestes momentos estase estudando a posibilidade de firmar un Convenio de colaboración entre o Valedor do Pobo e a REDUGA. Queremos aproveitar esta comparecencia para agradecer aos Valedores das universidades da Coruña e Santiago, e tamén ao Valedor do Pobo, a súa total dispoñibilidade e resposta a estas iniciativas.

Convén lembrar que o conxunto destas actividades están encamiñadas, por unha parte, a mellorar a imaxe e a marca do Tribunal de Garantías -e tamén da Universidade de Vigo- no exterior; e, por outra parte, a reforzar a cooperación tanto a escala nacional como internacional, posibilitando así unha maior información, un traballo en rede e unhas sinerxias que nos permitirán ser mellores no desempeño do noso oficio de defensores.

Este é o relato e o comentario referente a unha xestión realizada; este é o noso exercicio de rendición de contas. Tráballouse, innovouse e fixéronse novas metas. Pódese e débese mellorar, e estamos dispostos a iso; entre outras razóns porque nos tomamos moi en serio o noso oficio, e porque queremos seguir consolidando, prestixiando e lexitimando no seo da nosa comunidade universitaria a institución do Tribunal de Garantías; institución, coa que, por outra parte, nos sentimos plenamente identificados. Pero para iso tamén necesitamos colaboración e reciprocidade, polo que pedimos que se consideren tanto as recomendacións e propostas xa formuladas, pero que aínda non foron atendidas nin implementadas, como estas outras que a continuación queremos presentar no marco deste Informe:

-A primeira cuestión está relacionada coa necesidade de suscitar ante o Claustro –máximo órgano de representación e expresión do poder soberano da nosa Universidade- a necesidade de abordar unha modificación/actualización do Regulamento do Tribunal de Garantías. Un dos motivos principais é que está pendente unha adecuación/adaptación entre dito Regulamento e os Estatutos da Universidade de Vigo. Pero hai outros contidos que merecen ser reconsiderados, e que teñen que ver, por exemplo, con cuestións relativas ao funcionamento do Tribunal, e que provocan ás veces certas disfuncións.

Conforme ao artigo 23 do Regulamento do Tribunal, “a iniciativa para a reforma de dito regulamento requirirá o acordo da maioría dos membros do Tribunal ou a do Consello de Goberno ou a do Claustro. En todo caso, a súa aprobación corresponderá ao Claustro”. Infórmase que, a estes efectos, no seo do Tribunal xa foi constituída unha comisión para ocuparse desta cuestión. Das súas actuacións e propostas darase cumprida información aos órganos correspondentes. Solicitamos, pois, formalmente que se dea por presentada, e se atenda, esta recomendación de abordar unha modificación/actualización do Regulamento do Tribunal de Garantías.

-A segunda cuestión, e non por iso menos importante, fai referencia á necesidade de mellorar o estatus dos membros do Tribunal de Garantías, amparándonos para iso no artigo 19 do noso Regulamento, onde se establece que “a Universidade deberá facilitar ao Tribunal o apoio administrativo e material necesario para o adecuado desempeño das súas funcións”.

Acabamos de constatar un espectacular incremento no número de solicitudes de intervención por parte do Tribunal de Garantías; un incremento que ten como principais causas unha situación obxectiva de crise, unha maior actitude reivindicativa e unha maior visibilidade e protagonismo do Tribunal. Estas circunstancias, lonxe de desaparecer, potenciaránse aínda máis, polo que cabe deducir que o volume de traballo do Tribunal tamén aumentará. Acabamos de constatar, tamén, como ao longo do pasado ano multiplicáronse todas aquelas actividades encadradas dentro do ámbito das relacións institucionais e actividade exterior do Tribunal; actividades que, pola información subministrada neste Informe, irán tamén incrementándose nos próximos anos.

Aos membros do Tribunal, salvo ao seu Presidente, non se lles recoñece ningún tipo de desgravación na carga docente ou discente, ou na súa xornada laboral; nin reciben remuneración complementaria ningunha polo seu traballo. Por

elo, e ao longo do último ano, viñemos solicitando que se considere algunha fórmula que premie e incentive a dedicación dos membros do Tribunal, especialmente o cargo de secretario/a, e por corresponderlle unha actividade de xestión considerada estratéxica para o bo funcionamento da institución; propoñemos sexa obxecto dun recoñecemento (equiparándoa, por exemplo, e cando se trate dun docente, a unha secretaria de Departamento ou de Centro, ou a un Xefe de Sección Departamental).

Ata a data esta demanda non foi atendida. É máis, tampouco se nos deu a oportunidade de expoñela e defendela perante os órganos (ou o órgano) de decisión e xestión máis directamente implicados, polo que nos vemos na obriga de trasladala ao Claustro no día de hoxe. Non podemos menos que mostrar a nosa sorpresa e desagrado por este feito: negarse a recibir ao Defensor Universitario, a quen a totalidade dos membros do Tribunal de Garantías habían encomendado abordar esta cuestión. Tratábase de falar, dialogar, argumentar, non de impoñer. Consideramos que é unha cuestión de cortesía

Queremos seguir sendo un actor real, operativo e referente; e non unha realidade meramente semántica e nominal. Somos un órgano obrigatorio e necesario dentro do sistema universitario, e non como consecuencia dunha ocorrencia ou capricho do lexislador de turno, senón porque as nosas actuacións, e segundo o propio texto da LOU e dos nosos Estatutos, están dirixidas “a mellora da calidade universitaria en tódolos sus ámbitos”. Noutras palabras, as Defensorías Universitarias supoñen un valor engadido e un factor de boa gobernanza, ao vincularse a consecución da calidade e excelencia universitaria á existencia das Defensorías. Axúdenos, pois, apóienos; axúdenme, apóienme. Eu non podo esixirles aos membros do Tribunal nada máis do que a súa xenerosidade esté disposta a ofrecer e aportar; unha xenerosidade e unha lealtade das que hasta agora teñen dado mostras inequívocas, algo que eu quero agradecer públicamente.

Seguiremos pendentes deste asunto, a vez que manifestamos a nosa total dispoñibilidade, e cordialidade, pra seguir negociando. Somos conscientes das dificultades polas que atravesamos, pero pedimos un xesto, un detalle que dalgunha maneira recoñeza a importancia e a labor do Tribunal de Garantías.

-Unha última recomendación fai referencia á necesidade de mellorar a relación entre as distintas partes integrantes do noso sistema universitario, frecuentemente fragmentado en intereses estamentais, corporativos ou de outro tipo. Somos vasos comunicantes e interdependentes, e non compartimentos estanco. O

Tribunal, e partindo da premissa de que as sinerxías, isto é, a vontade de facer as cousas de maneira coordinada e cooperativa, constitúe un requisito de boa gobernanza, fai un chamamento e recomenda mellorar a confianza, a lealdade, a comunicación e a colaboración entre os distintos órganos, dependencias e actores que formamos parte da comunidade universitaria: Alumnos, PAS, PDI, directivos, xestores, administrativos, seccións sindicais, grupo do goberno e grupo da oposición, e demais organizacións.

Dicía na primeira comparencia ante ao Claustro que procuraría que todas as miñas actuacións tiveran como fío condutor crear consciencia e civismo universitario, isto é, esa cultura de pertencer a unha mesma comunidade, da que nos beneficiamos, pero tamén á que debemos lealdade e compromiso. Unha cultura que enalteza a cooperación, o entendemento, os bos modais, o respecto, a boa fe, e tamén a profesionalidade. Todo iso contraponse con actitudes e comportamentos que só buscan a crispación e o enfrontamento; que só ven mala fe nas actuacións dos demais; que son incapaces de dar unha oportunidade á rectificación e á emenda, á reconciliación ou á solución cooperativa do conflito; contraponse tamén a conductas caprichosas, a poderes paralelos ou a relacións de servidume e sumisión que todavía persisten dentro de noso ámbito académico.

Neste orden de cousas, o Tribunal de Garantías reitera a súa dispoñibilidade e ofrecemento pra contribuir a correxir esos comportamentos perversos, e tamén pra levar a cabo unha función capaz de ensamblar, coordinar e servir de ponte entre as distintas partes que conforman o sistema. Esta recomendación e este ofrecemento é, eiquí e agora, máis pertinente que nunca, pois é evidente que vivimos tempos combulsos, crispación, incomunicación, antagonismo, o que pode orixinar fracturas perigosas dentro do sistema.

Todos estámolo pasando mal. Ninguén dos actores involucrados cós que falo mostra estar satisfeito ca situación actual. ¿Qué facer, nestas circunstancias? Evoquemos a idea de Albert Camus (o malogrado Premio Nobel de Literatura francés), quen ao longo de dúas das súas obras referentes (A peste, O extranxeiro) insistía na necesidade de que en tempos de sufrimento e adversidade é máis necesario que nunca estar xuntos, respetarse, axudarse, ser cooperativos, e aplicar as capacidades de que dispoñemos como seres intelixentes pra superar o infortunio.

Eu proponho, pois, que en lugar de seguir pelexando entre nós, empecemos xa por respetarnos, por xuntarnos, por darnos conta de que viaxamos a bordo mesmo navío, e de os principais enemigos que orixinan as nosas adversidades están

noutros escenarios alleos a Universidade de Vigo. Como dice o provervio indio, en lugar de maldecir a obscuridade encendamos unha vela.

Empecemos, pois, por encender a vela do respecto, da tolerancia e do compromiso ca resolución pacífica, dialogada e consensuada dos nosos conflitos. Pero pra elo, todas as partes teñen que estar dispostas a ceder, a recortar os seus programas máximos, a aceptar acordos non totalmente satisfactorios pra nadie pero, sí, suficientemente satisfactorios pra todos. Nesto, precisamente, consiste o consenso, e este é o seu significado: aceptar acordos non totalmente satisfactorios pra nadie, pero, sí, suficientemente satisfactorios pra todos.

Permítanme unha última reflexión. Vivimos nun contexto de crisis sistémica e integral, crisis perfeta dicen algúns expertos. Unha crisis que, lexos de constituir un acontecemento circunstancial e pasaxeiro, un mero paréntesis entre dúas etapas de crecemento e riqueza, é polo contrario, a expresión e consecuencia dun grave problema estrutural e sistémico que vimos arrastrando, de un modelo de vida e de organización de todo o sistema socio-político-económico que resulta a todas luces insostible e, polo tanto, obsoleto e suicida.

Asumanos, pois, que estamos nunha fase da historia na que é necesario rectificar, correxir, innovar e, como dicía Einstein, empezar a facer as cousas doutra maneira, si é que en realidade queremos acadar resultados distintos aos actuais, e que nos levaron ao desastre. É preciso romper coas inercias e automatismos heredados dun pasado que xa non existe, e a partir daí empezar a traballar na tarefa de cambiar os nosos esquemas mentales, hábitos de comportamento, modelos de organización e funcionamento; traballar na elaboración de novas ideas, valores e estruturas, novas referencias e solidaridades que nos permitan xestionar mellor o noso entorno, os nosos recursos, os nosos coñecementos, as nosas diferencias a vez que a nosa vida en común.

Pra finalizar, quero pedir en nome propio e de todos os membros do Tribunal de Garantías, disculpas polas deficiencias e erros cometidos no desempeño da nosa tarefa. Quero expresar tamén a nosa gratitude a todas as persoas e organismos que, nun exemplar exercicio de profesionalidade, boas prácticas e actitude cooperativa, veñen sendo receptivos respecto do conxunto de actuacións levadas a cabo por este Tribunal. Pedimos que esta colaboración sexa cada vez máis intensa,

propiciando así a consecución dese obxectivo compartido: a boa gobernanza da nosa Universidade.

Moitas grazas, en nome de todos os membros do Tribunal de Garantías:

ESTUDANTES: JAVIER PUGA ALONSO

PAS:

ANA BELÉN MARTÍNEZ PIÑEIRO

GUILLERMO DE OCA CANCELA

PDI:

XOSÉ RÚAS ARAÚJO

ROBERTO IGNACIO FERNÁNDEZ LÓPEZ (Vicepresidente)

TERESA MOURÍN GONZÁLEZ

ROSA MARÍA RICOY CASAS (Secretaria)

PRESIDENTE

ARGIMIRO ROJO SALGADO